

## ENDEREZO:

Ctra. De O sifón nº 15  
32520 Concello de Avión  
(Ourense)



Centro da Muller

## DATOS DE CONTACTO

Telf. 988 486 528

Fax: 988 490 839

Correo electrónico:

[servizossociais@concelloavion.org](mailto:servizossociais@concelloavion.org)

[psicologia.concelloavion@gmail.com](mailto:psicologia.concelloavion@gmail.com)



Centro da Muller



fundaciónanduriña

# CENTRO DA MULLER

Un recurso  
para a igualdade  
¡PARTICIPA!



Centro da Muller

## ¿QUE É?

O Centro da Muller creouse co obxectivo de informar, orientar e asesorar, de xeito gratuito ás mulleres do Concello de Avión.

Aquelas mulleres que se acheguen ó CM poderán recibir información sobre calquera cuestión que lle suscite dúbidas ou curiosidade, xa que a principal función do Centro é facilitar un rápido asesoramento individualizado sobre aspectos xurídicos, sociais e psicolóxicos que permita ás mulleres desenvolver plenamente os sus dereitos.

Entre as accións que se levan a cabo, están aquelas relacionadas co fomento do asociacionismo feminino, a promoción da participación das mulleres na vida social, cultural e económica do Concello, así como a prevención e erradicación da violencia de xénero.

## ¿QUE OFRECE?

\* **En materia PSICOLÓXICA:** apoio e orientación psicolóxica personalizada e adaptada á problemática específica das mulleres que demanden este servizo.

\* **En materia de RECURSOS SOCIAIS:** información e asesoramento permanente acerca desta clase de recursos, organización de charlas sobre diversas temáticas, obradoiros e outras actividades de interese para as mulleres.

\* **En materia de EMPREGO:** información e orientación individualizada. Formación en técnicas para a busca activa de emprego.

\* **En materia de DEREITO:** información e asesoramento sobre os dereitos das mulleres e os recursos cos que contan para exercerlos.

## ¿A QUEN SE DIRIXE?

Este servizo está dirixido a todas as mulleres do Concello de Avión que desexen recibir asesoramento na área psicolóxica, de recursos sociais, de emprego ou xurídica. Así mesmo, se contempla a participación de homes nalgunhas das actividades programadas.

A filosofía coa que se crea este servizo é o compromiso coa igualdade, tentando ofrecer ás usuarias unha atención **personalizada e total confidencialidade.**

**O equipo técnico está composto por:**

\* Sonia Nogueira Estévez  
TRABALLADORA SOCIAL

\* Alicia Domínguez de Pedro  
PSICÓLOGA

**Horario de atención ó público:**

De luns a venres de 9:30h a 14:30h